

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A REAL FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DEPORTES DE INVERNO (RFEDI) PARA A PROMOCIÓN DO EVENTO PRESENTACIÓN DOS EQUIPOS NACIONAIS DA RFEDI

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Real Federación Española de Deportes de Inverno (RFEDI) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Real Federación Española de Deportes de Inverno a través do presente convenio para a promoción do evento presentación dos equipos nacionais da RFEDI, que terá lugar en Santiago de Compostela o próximo día 24 de outubro de 2023.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos Camiños de Santiago. No artigo 9 dos Estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, establécense entre as súas funcións ou competencias a dirección das 2 actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago.



Segundo.- A Real Federación Española de Deportes de Inverno (RFEDI) é unha entidade privada, con personalidade xurídica propia, con patrimonio propio e independente do dos seus asociados, integrada polas Federacións Autonómicas de Deportes de Inverno, clubs deportivos, deportistas, xuíces, delegados técnicos, adestradores e outros colectivos interesados, que promovan, practiquen ou contribúan ó desenvolvemento dos deportes obxecto da súa competencia, nas especialidades que se expresan a continuación: esquí alpino, esquí de fondo, biathlon, saltos de esquí, esquí artístico e acrobático, snowboard, telemark e zorra con cans e pulka escandinava.

A RFEDI ten plena capacidade de obrar no cumprimento dos seus fins, non ten ánimo de lucro e é unha entidade de utilidade pública, de acordo co artigo 43 da Lei 39/2022, do 30 de decembro, do deporte.

A RFEDI ostentará a representación de España nas actividades e competicións deportivas oficiais de carácter internacional que teñan lugar fóra e dentro do territorio español. A estos efectos será competencia da RFEDI a elección dos deportistas que integrarán as seleccións ou equipos nacionais. Correspóndelle á RFEDI a representación internacional exclusiva do Estado Español ante a Federación Internacional de Esquí (FIS), a Unión Internacional de Biathlon (IBU), a Federación Internacional de Zorra con Cans (IFSS) e a Asociación Mundial de Zorra con Cans (WSA).

En relación coas especialidades deportivas anteriormente descritas, a RFEDI, ademais das súas actividades propias de goberno, administración, xestión, organización e regulamentación, exercerá, baixo a coordinación e tutela do Consello Superior de Deportes, as funcións públicas de carácter administrativo que se expresan a continuación:

- a) Cualificar e organizar, no seu caso, as actividades e competicións deportivas oficiais de ámbito estatal.
- b) Actuar en coordinación coas Federación de ámbito autonómico para a promoción xeral das súas especialidades deportivos en todo o territorio nacional.
- c) Diseñar, elaborar e executar, en colaboración, no seu caso, coas Federación de ámbito autonómico, os plans de preparación dos deportistas de alto nivel nas súas respectivas



especialidades deportivas, así como participar na elaboración das listas anuais dos mesmos.

d) Colaborar coa Administración do Estado e das Comunidades Autonómicas na formación de técnicos deportivos e na prevención, control e represión do uso de sustancias e grupos farmacolóxicos prohibidos e métodos non regulamentarios no deporte.

e) Organizar ou tutelar as competicións oficiais de carácter internacional que se celebren no territorio do Estado.

f) Exercer a potestade disciplinaria deportiva, nos termos establecidos na Lei do deporte, as súas disposicións de desenvolvemento e os Estatutos da RFEDI.

g) Exercer o control das subvencións que asignen ás Asociacións e Entidades deportivas, nas condicións que fixe o Consello Superior de Deportes.

h) Executar, no seu caso, as resolucións do Comité Español de Disciplina Deportiva.

i) Exercer, por delegación do Consello Superior de Deportes, a potestade disciplinaria en materia de dopaxe.

Terceiro.- A RFEDI cada ano, ó inicio da tempada, realiza a presentación dos Equipos Nacionais (EENN), onde se presentan os mellores deportistas de inverno de España. É un evento onde se reúne á prensa, se resaltan os principais eventos que van a ter lugar no inverno, ten lugar un recoñecemento ós actores clave dos deportes de inverno, preséntanse as principais competicións de deportes de inverno, e se dan a coñecer historias inspiradoras e desafíos dos deportistas. Este ano a presentación terá lugar en Santiago de Compostela o vindeiro 24 de outubro. No dito evento presentarase a cada equipo das distintas modalidades como Esquí Alpino, Snowboard, Esquí de Fondo, Freestyle, Mushing, Esquí de Velocidade, e as recentemente disciplinas incorporadas á estrutura da RFEDI, Deportes de Persoas con Discapacidade e Freeride.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos



contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

